

XIV Campionato Galego de Rastro de Xabaryl con Cans Atraelados

Unha final moi disputada

O pasado día 4 de xullo celebrouse o XIV Campionato Galego de Rastro sobre Xabaryl con Cans Atraelados nas terras lucenses do concello de Baralla – Neira de Rei. Unha proba que destacou polo altísimo nivel dos participantes e por unhes terreos moi axeitados para a disputa deste tipo de competicións.

Baixo a organización da FGC e a colaboración do Tecor de Neira de Rei, ás 8 horas da mañá comenzaba a proba coa rolda clasificatoria cun total de 34 participantes divididos en dous campos. Nesta primeira ronda serviu para clasificar os sete mellores actuacións de cada campo.

Despois da degustación do taco campeiro escomenzaba unha final que á postre resultou ser moi reñida e de moito nivel, todo elo nun esceario duro e homoxéneo, onde o equipo formado por can e monteiro tiveron que poñer toda a carne no asador para obter un bo resultado. Froito do bon traballo realizado dando boa conta o disputada que estivo a fase final, é o feito de que entre os catro primeiros clasificados non houbera máis dun punto de diferenza.

Rematada a proba, celebrouse a comida de irmandade entre participantes, organización e autoridades, acto seguido pasouse

á entrega de premios quedando no máis alto do pódium Javier Bustamayor con seu can “Lucas” e 235,5 puntos, seguido de Generoso Aragunde con “Sofi” e 234,25 puntos. Completou o pódium Luís Otero con “Ton” e 234,25 puntos.

A Selección Galega que nos representará no proximo Campionato de España de Cans de Rastro Atraelados modalidade Xabaryl que se celebrará este sábado día 11 de xullo en Portomarín (Lugo) quedou composta polos seguintes monteiros: Javier Bustamayor con “Lucas”, Generoso Aragunde con “Sofi”, Luís Otero con “Ton”, José Pereira con “Turbo”, Jesús Salvador “Klay”, José Otero con “Ton”, Luís Otero con “Tin”, Jesús Fariña “Tor”, Pedro Ramos con “Faico” e Francisco Rodeiro con “Laro”.

